

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A AVALIACIÓN DA EDICIÓN 2018 DOS FESTIVAIS DE MÚSICA PORTAMÉRICA, RESURRECTION FEST, SINSal, SONRÍAS BAIXAS E REVENIDAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa **Universidade de Santiago** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o **20 de decembro de 2018**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é a avaliación da edición 2018 dos festivais de música galegos Portamérica, Resurrection Fest, SinSal, Sonrías Baixas e Revenidas, de cara coñecer os roles e perfís adoptados polos diferentes públicos aos que se dirixen e o impacto económico, social e mediático mediante a atracción directa, indirecta ou inducida de turismo, a fixación do gasto, a creación de emprego, ao aumento da visibilidade ou xeración de orgullo e arraigamento local.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Avaliar a cultura resulta fundamental de cara a unha xestión eficiente dos recursos e, consecuentemente, para aplicar melloras nos procedementos e na intelixencia organizativa que permitan incrementar a produtividade e a eficiencia no seu uso. Neste contexto, a toma de decisións na asignación de recursos débese facer máis que nunca seguindo criterios de calidade, impacto, eficiencia, eficacia e pertinencia que permitan o crecemento socioeconómico dunha comunidade, localidade, país ou rexión e unha mellora substancial nas condicións de vida da súa poboación.

Medir o impacto dun evento cultural nas súas dimensións económica, social e comunicativa co obxectivo de ter datos que xustifiquen o investimento público, atraian investimento privado e motiven a asistencia de público, establecer posibles relacións entre as variables das diferentes dimensións de análise dos eventos co fin de establecer propostas que apoiem a toma de decisións e permitan a mellora nos campos da comunicación, a programación e a xestión económica dos eventos son os principais obxectivos do traballo de avaliación que se pretende levar a cabo, que analiza cinco dos festivais de música referentes en Galicia: o Portamérica, de Caldas de Reis; o Resurrection Fest, de Viveiro; o Festival SinSal, da Illa de San






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

Simón; o Sonrías Baixas, de Bueu, e o Revenidas, de Vilaxoán. Coñecer os intereses de cada *target*, as súas demandas, grao de satisfacción e niveis de implicación redundará nunha mellora da eficacia, eficiencia e pertinencia das accións realizadas en futuras edicións.

Os festivais, e sobre todo os festivais de música, constitúen un dos eixos máis representativos e dinámicos do patrimonio cultural que non só cumpren o seu papel tradicional de presentar a difundir a cultura dunha sociedade. Na actualidade, e debido ás súas repercusións nos territorios, os festivais forman parte esencial das estratexias de desenvolvemento social dos territorios dende o punto de vista social, cultural, turístico ou económico, pois a cultura xera impactos en termos de produción e emprego. Neste marco, é imprescindible contar con estudos que analicen a contribución destes eventos -de tanta importancia tanto cuantitativa coma cualitativamente na comunidade galega- e o seu impacto no territorio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

galicia

